



Manifiesto 8 marzo 2010

O modelo feminista non está en crise

Material coeducativo

Información sobre o calendario "Mulleres no tempo, tempo de mulleres" e sobre a exposición "Mulleres na historia"

Colaboración

Cara a igualdade desde os concellos

Marcha Mundial das Mulleres

III Acción Internacional

A elección profesional, unha cuestión de xénero

Moitos e variados estudos mostran que a elección profesional está determinada polos estereotipos de xénero

De MEL e FEL

Para ver

- *Señora de*
- *O club da calceta*

Para ler

- *Once damas atrevidas*
- *Xela volveuse vampira!!*

Para oír

- *Eterno navegar*
- *Benzón*

Manifesto do 8 de Marzo de 2010

COLABORACIÓN

O pensamento feminista foi decisivo para reinterpretar o noso mundo e para nos ensinar a mirar con novos ollos a sociedade en que vivimos. O feminismo supuxo a toma de conciencia das mulleres como clase social e, co propósito común de construír unha sociedade incluínte que recoñeza ás mulleres como integrantes da sociedade e da política, achegou unha revolucionaria reconstrución dos comportamentos, novos valores de convivencia, novas relacións humanas, cambios nas institucións, novas linguaxes.... Grazas ás accións que se abordaron desde o feminismo, puxéronse en dúbida crenzas e estereotipos que limitaban ás mulleres e logrouse cambiar as estruturas básicas da sociedade patriarcal que considerou durante séculos ás mulleres como seres inferiores e dependentes da tutela dos homes.

O feminismo simboliza o encontro de mulleres buscando formas de acción e alianzas políticas que rescatan ás mulleres do silencio no que sobreviviron durante séculos. O modelo feminista cuestiona a desigualdade, a violencia, a crise económica, a discriminación, o caos sociopolítico, as formas de convivencia baseadas na cultura patriarcal e, sobre todo e ante todo... ante calquera proxecto e calquera circunstancia, xera propostas.

É verdade que obtivemos grandes logros, que melloramos no recoñecemento "formal" da participación das mulleres en igualdade, pero a realidade é teimuda e persiste un grande desequilibrio na participación e na toma de decisións, a responsabilidade do privado segue a ser nosa e, se non logramos que os homes se conciencien diso e compartan as responsabilidades familiares, as mulleres seguiremos estando en clara desvantaxe respecto a eles. A igualdade pasa pola incorporación das mulleres a un emprego de calidade nas mesmas condicións que os homes, o que esixe un reparto igualitario do privado, é

dicir, do traballo doméstico e dos coidados.

Xa que logo, podemos dicir que o debate aínda non acabou, que o cambio de mentalidade non chegou á súa fin porque as desigualdades de xénero persisten nas institucións sociais. As mulleres debemos conseguir que o século XXI sexa o século da chegada ao poder das mulleres, onde logremos a participación en igualdade cos homes a nivel social, económico e político, é dicir, na toma de decisións a todos os niveis. Desde a Asemblea de Mulleres do STEG sabemos que cada día somos máis e imos a máis, e isto nos da azos para continuar con máis empeño e ilusión nesta loita que aínda se prevé longa, pero que rematará sendo frutífera. Porque O MODELO FEMINISTA NON ESTÁ EN CRISE



Cara á igualdade desde os concellos

Pese aos numerosos avances legislativos e programas postos en marcha para acadar a igualdade entre mulleres e homes, propoñer aínda hoxe falar de discriminación en función do xénero non só é posible, senón incluso necesario. E o feito de que sigamos conmemorando datas como o Día internacional da muller ou o da eliminación da violencia exercida contra as mulleres confirma a inconveniencia de baixar a garda neste senso.

Deixando a un lado o manido tópico que autorexeita as actitudes pesimistas para falar de optimismo ben informado, o certo é que, cando se axusta ben o enfoque máis alá da igualdade formal, é posible decatarse da pervivencia de formas subtís (ás veces non tanto) de discriminacións e marxinação das mulleres e incluso dun retroceso neste ámbito nos últimos tempos, non alleo ao experimentado a nivel dos dereitos sociais e laborais. Por iso, diante desta situación subsúntase unha disxuntiva á hora de enfiar o traballo político e técnico: seguir reproducindo de forma case mecánica (e obsoleta) actividades e accións positivas dirixidas unicamente a mulleres, ou ben traballar na liña de promover a igualdade real de oportunidades entre mulleres e homes.

Na Concellaría de Igualdade do Concello de Ourense apostamos por esta última modalidade, porque coidamos que se ben seguen sendo precisas certas medidas e accións positivas a implementar cas mulleres –subsisten aínda desigualdades de partida que cómpre compensar- o certo é que noutras facetas acadouse certo equilibrio e os tempos demandan un cambio de enfoque cara a transversalidade (estratexia de *mainstreaming* de xénero); ou sexa, actuar integrando a perspectiva de xénero en todas as políticas e programas levadas a cabo trascendendo os esforzos limitados ás políticas de acción positiva. Nesa liña estamos traballando desde hai tempo e o produto final verá a luz en forma de II Plan Municipal para a promoción da equidade de xénero, no que pretendemos implicar e comprometer de xeito importante aos homes. Mais tamén porque queremos superar o mero "accionismo" (que non activismo) e non ficar somentes a nivel de declaracións de intencións, estamos realizando unha diagnose sobre os usos do tempo das mulleres e homes do noso concello motivado pola necesidade de propoñer a reorganización dos tempos na cidade e de responder aos problemas de mobilidade e transporte, da falla de corresponsabilidade e da conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Esta diagnose cristalizará finalmente na elaboración dun Plan de programación do tempo na cidade de Ourense, contemplándose como unha das medidas específicas a posta en marcha do Banco de Tempo.

En síntese, tentamos construír unha sociedade máis equitativa entre mulleres e homes establecendo unhas bases filosóficas sólidas sobre as que asentar as liñas metodolóxicas de intervención. Acadalo ou non, a partir de agora, xa é labor de todos e todas nós.

M^a Elena De Jesús Rodríguez (Directora do Centro de Información ás Mulleres do Concello de Ourense-Concellaría de Igualdade- e profesora asociada da Universidade de Vigo)

Material coeducativo

Desde a Asemblea de Mulleres do STEG queremos compartir a nosa experiencia docente en temas de coeducación con todo o profesorado, polo que cada curso preparamos actividades didácticas arredor das datas do 25 de novembro e do 8 de marzo -que tedes á vosa disposición na nosa páxina web-. Porén, coidamos que calquera labor educativo, e máis aínda coeducativo, non pode limitarse á reflexión arredor dun par de días do ano, polo que traballamos arreo para achegarvos unha oferta que facilite este labor que debe ser continuo.

Este ano, a partir do calendario 2010 **Tempo de Mulleres, Mulleres no Tempo** –que podeades solicitar nas nosas sedes- realizamos unha exposición coas 12 láminas que o ilustran e unha suxestión de actividades sobre dúas das mulleres que aparecen en cada mes. Aínda que adaptables, están pensadas para alumnado de Primaria, xa que consideramos que é máis difícil

atopar material axeitado para estas idades co que visibilizar as mulleres. Unha proposta de traballo, xa que logo, con 48 figuras significativas, moitas delas galegas, que permiten ver ás mulleres como axentes activos da historia.

Para o alumnado de Secundaria, mantemos a exposición **Mulleres na Historia** que tan boa acollida ten en todos os centros que nola solicitan. Podeades mirar calquera das dúas na nosa páxina web, e levalas prestadas ao voso centro poñéndoos en contacto connosco.



MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES

III Acción internacional

A Marcha Mundial das Mulleres, rede internacional feminista, ten como obxectivos básicos rematar coa pobreza e a violencia contra as mulleres. Estes dous principios lévannos a defender outros xeitos de facer: sabemos que sen una participación activa das mulleres non será posible que a humanidade camiñe cara a outro mundo posible, cara a outro mundo necesario e imprescindible. ¡XA!

A MMM nace do desexo de reunir ás mulleres do mundo en torno a un proxecto común. Despois da I acción da MMM no 2000, o movemento feminista tivo a oportunidade de facerse oír en todas as esferas. Para a III mobilización internacional do 2010, decidimos traballar no Congo para denunciar dende alí que a guerra é a situación que favorece e perpetúa todos os problemas que sufrimos as mulleres ao longo da historia e ao ancho do mundo.

Tamén queremos manifestar a importancia da participación das mulleres nos acordos de paz, máis alá da Resolución 1325 da ONU. Non en base ás nosas capacidades humanas, senón como cuestión política, porque como grupo humano que estivo e está na maioría dos casos apartado da toma de decisións políticas, coñecemos a inutilidade de procesos de paz cando non están representados nel todos os grupos inmersos nun conflito. É máis, para nós a lóxica de vencedores e vencidos non ten sentido máis alá do que sempre tivo ser un vencedor: poder actuar impunemente nun territorio e non ter ningunha responsabilidade no cumprimento dos Dereitos Humanos.

Precisamos construír unha nova cultura de paz; reflexionar de que xeito as mulleres imos desmontar este discurso e ser quen de tecermos alianzas máis fortes que o ruído das bombas e a destrución dos enfrontamentos armados, pois en todos eles agóchase a posesión dos recursos naturais do vencido.

Nós queremos escapar da lóxica da guerra, tan destrutiva para a humanidade e para o noso planeta. Denunciamos xa que logo a invisibilidade dos efectos que **os conflitos teñen sobre as mulleres e as criaturas**, tanto as dos territorios ocupados como as de calquera outro; **a impunidade que teñen os corpos de seguridade da ONU e dos grupos armados; a implicación directa que os países do chamado Primeiro Mundo teñen no inicio e mantemento destes conflitos**, que xustifican ademais o recorte das liberdades dos pobos e a libre circulación das persoas, en nome da seguridade nacional...



CORDENADORA NACIONAL DA GALIZA DA MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES

A elección profesional, unha cuestión de xénero

Alumnado matriculado en Ciclos Formativos de F.P. por familia profesional, sexo e forma de acceso

	Grado Medio			Grado superior		
	Total	% mulleres	*	Total	% mulleres	*
Actividades Agrarias	4.209	19,1	22,5	3.623	23,3	22,5
Actividades Físicas e Deportivas	4.144	32,6	14,7	7.896	29,9	13,4
Actividades Marítimo-Pesqueiras	1.238	5,5	8,8	1.083	11,8	5,4
Administración	47.392	75,6	12,0	38.984	72,8	12,9
Artes Gráficas	2.509	40,3	10,4	1.495	47,4	8,5
Comercio e Marketing	10.578	68,8	68,8	10.996	53,7	8,3
Comunicación, Imaxe e Son	2.594	49,8	9,6	9.127	36,3	5,0
Edificación e Obra Civil	777	7,2	16,7	10.715	31,9	7,5
Electricidade e Electrónica	29.468	2,0	17,8	18.560	6,0	14,4
Fabricación Mecánica	9.940	3,0	17,5	5.425	9,2	11,5
Hostalaría e Turismo	11.721	42,9	11,7	10.151	67,0	7,4
Imaxe Persoal	16.443	96,8	11,0	4.280	96,5	7,3
Industrias Alimentarias	974	46,6	20,6	727	56,0	6,2
Informática	17.761	13,6	13,2	21.826	17,2	11,9
Madeira e Moble	2.632	5,1	15,7	468	11,3	10,4
Mantem. e Servizos á Producción	10.161	2,0	16,6	7.811	21,3	10,2
Mantem. de Vehículos Autopropulsados	21.568	1,5	18,6	6.119	2,8	15,6
Química	2.411	61,9	8,5	4.731	55,4	6,9
Sanidade	32.744	89,5	10,8	25.640	78,7	6,6
Servizos Socioculturais e á Comunidade	6.663	91,9	12,5	24.813	91,3	7,8
Téxtil, Confección e Pel	334	91,6	12,6	460	87,2	1,2
Vidro e Cerámica	87	63,2	3,4	51	33,3	-

* % de alumnado que accede por proba de acceso

A elección do perfil profesional non depende unicamente das preferencias persoais e das oportunidades socioeconómicas e oferta educativa. Moitos e variados estudos mostran que a elección profesional está determinada polos estereotipos de xénero (Carlos Candela Agulló: "Motivaciones y expectativas profesionales. Análisis desde La perspectiva de género". (Tese Doutoral, Universidade de Valencia. 2007).

Canto máis temperá sexa a elección e menor sexa o nivel educativo e cultural máis significativa será a impronta dos estereotipos de xénero na elección profesional. Unicamente se "profesionaliza" o tradicional reparto de roles de xénero: mulleres profesionais do coitado e reprodución da sociedade e homes profesionais da produción de bens e servizos (moi ligados ás novas tecnoloxías nos últimos anos). Perpetuándose tamén as diferenzas sociolaborais e salariais e ampliándose as fendas tecnolóxicas.

Mudar esta tendencia e avanzar cara a unha sociedade máis xusta e igualitaria no privado (coitado e afectivo) e no público (produtivo e económico), depende en grande medida de ampliar a duración das ensinanzas xerais e comprensivas e de realizar unha "orientación profesional compensatoria" destes desequilibrios, para poder elixir máis libres de estereotipos e máis de acordo aos intereses e desexos persoais.

Temos a sensación de que os proxectos de reforma da lei educativa non repararon neste detalle e camiñan cara atrás, renunciando a abordar o fracaso escolar e promovendo unha, cada vez máis temperá elección de itinerarios académicos e profesionais. A pregunta que nos asalta é se camiñamos cara adiante ou recuamos... evolucionamos ou involucionamos?

En maio de 2009 **catro mulleres fixeron historia** ao gañaren por primeira vez os seus escaños no Parlamento kuwaití. Era a terceira vez que se presentaban candidatas mulleres ao Parlament desde que obtiveron dereito ao voto e a representación en 2005. Quedalles un longo camiño por percorrer, pero están a dar primeiros pasos...

“Granada, 30 años después: aquí y ahora”. Con este lema arrancaron as Xornadas Feministas Estatais de Granada que durante tres días ofreceron un espacio de encontro e intercambio a máis de 3000 mulleres que profundizaron sobre o camiño percorrido durante tres décadas de movemento feminista, dende que no 1979 se celebrase o primeiro encontro estatal. Naquel momento de transición democrática, as Asambleas de Mulleres de toda España xuntáronse en Granada para debataren sobre o “Aborto legal e gratuito” e “A libre expresión da sexualidade”. Podería ter sido hoxe!

Por vez primeira, nos corenta anos de historia do premio Nobel, **unha muller recibe o Nobel de economía**. Elinor Ostrom, profesora da universidade de Indiana, foi galardonada co Nobel por ser quen de demostrar que os bens comunais poden ser xestionados de maneira efectiva e sostible por un grupo de usuarios sen teren que recurrir á privatización ou a xestión pública.

Peche das Oficinas Comarcais da rede I + B do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

No STEG Informa do 8 de marzo do 2009 destacabamos o programa educativo dos equipos de igualdade da rede de oficinas I + B, que se desenvolvería neste curso escolar no último Ciclo de Primaria e no 1º Ciclo da ESO, coa finalidade de que a escola incorporara a perspectiva de xénero no seu traballo. No STEG Informa do 8 de marzo deste ano destacamos, no apartado de FEL, o peche destas oficinas.

O proceso de peche comezou coas declaracións difamatorias de Susana López Abella, Secretaria Xeral da Consellaría de Traballo e Benestar, contra estas oficinas no Parlamento galego, afirmando que as persoas traballadoras foran postas a dedo polo anterior goberno - o certo é que todas tiveron que superar unha proba de acceso -

Para o STEG é lamentable que desapareza unha rede que ofrecía servizos públicos á poboación non urbana e a grupos de idade dependentes, como son a infancia e as persoas maiores.

Vemos como, outra volta, os sectores sociais e os ámbitos xeográficos máis necesitados de recursos públicos básicos e fundamentais volvemos quedar sen eles. Tamén quedamos sen un servizo de asesoramento e intervención que palíe as nosas dificultades, xa que os servizos sociais de emprego, de atención ás mulleres e de atención ás familias dos concellos volverán estar sobrecargados e non poderán ofrecernos unha atención de calidade.

Vemos pois como, máis unha vez, este goberno galego privatiza servizos básicos, marxinando o mundo rural e as mulleres.

Para ler...

Once damas atrevidas

Oli Helle Thomassen
Kalandraka edicións.



Onde as protagonistas son once rapazas que van percorrendo o mundo e á súa vez van desaparecendo...

Non só trata o tema da muller como protagonista, senón tamén puntos xeográficos e numeración.

Xela volveuse vampira!!

Fina Casalderrey
Baía Edicións



A protagonista do libro **é mestra e é unha muller que sofre malos tratos**. Neste libro trátase o tema dende o punto de vista da inocencia das súas alumnas e alumnos.

Mestura de realidade e inxenuidade, pretende romper coa tendencia dos contos infantís de roles estereotipados. Tenta así imaxinar un mundo de igualdade entre os homes e as mulleres, adaptado ás lectoras e lectores dende o primeiro ciclo ata o derradeiro curso do terceiro ciclo de educación primaria.

Para ver...

Señora de

Directora Patricia Ferreira. Productora Carmen Rábade, O raio verde producións.

“Abondaba con que un veciño fora e denunciara a unha muller dicindo que levaba unha vida licenciosa para que fose pechada nun reformatorio”

Este é o testemuño dunha das mulleres á que a directora galega Patricia Ferreira dá voz no seu documental “Señora de”. Son trece mulleres de entre 65 e 80 anos que nos contan como foi a súa vida durante a ditadura franquista. A idea xurdiu da produtora Carmen Rábade, que tras tres anos de recollida destes testemuños, tivo que elixir só uns poucos, porque algunhas mulleres non se atreveron a saír na pantalla e a outras, os seus homes ou os seus fillos prohibíronllo.

Sen poder elixir o que querían ser, atemorizadas pola culpa do pecado, criminalizadas se loitaban por algo, cun sexo imposto dentro do matrimonio, sempre na sombra, e coa resignación de ter nacido nunha época que non lles correspondía. Un testemuño diferente desa “outra historia” que non se deixa escribir con maiúsculas.



O club da calceta

“O club da calceta”, é unha adaptación da novela homónima da escritora galega María Reimóndez, proxecto creado e dirixido por Antón Dobao.

Esta película non nos deixará indiferentes, faremos unha profunda reflexión e revisión da condición feminina. Trata temas como o maltrato, a prostitución, lesbianismo, e as relacións de poder, entre outros.

Matilda, Anxos, Rebeca, Elvira, Luz e Fernanda, inspiradas na figura liberadora da tía Davinia, farannos partícipes da súa historia dende as diferentes perspectivas que nos mostrarán unha sociedade machista.

A historia destas seis mulleres moi diferentes entre si que asisten a clases de calceta, lugar onde expoñen as súas frustracións e ó mesmo tempo, toman conciencia da súa situación e da necesidade de superala.

Dende un espazo tan tradicionalmente feminino como a calceta, estas mulleres, dende as súas diferenzas conseguen atopar na unión a forza necesaria para sobrepoñerse a un presente difícil que coa súa complicidade lograrán superar.

Para oír...

Uxia Senlle "Eterno navegar"

Este coidado disco é o resultado de quen navega ao sabor das ondas dun mar que aproxima e une correntes. Partindo da tradición e das atmosferas do seu lugar de orixe, Galiza, Uxía reinventa e personaliza os sons que a relacionan con países como Portugal, Brasil ou Cabo Verde.



Guadi Galego "Benzón"

Presenta unha ampla variedade de estilos entre o tradicional, o pop e o jazz, nun percorrido cuxa unidade pasa pola voz da propia Guadi nun “discurso musical, que transcorre sen sobresaltos pasando por distintos tons, climas e ambientes” en palabras de Guillermo Fernández.

